

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 25 DE AGOSTO DE 2016,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: mellora da estrada PO-353, treito Pancenteo – Marzán, pp.qq. 3+150 ao 5+360, de clave PO/14/076.02, no concello do Rosal.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba o Manual de instrucións para os membros das mesas electorais nas eleccións ao Parlamento de Galicia do 25 de setembro de 2016.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda para a modificación do convenio marco de colaboración entre a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, e a Federación Galega de Municipios e Provincias en materia de xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, por importe dun millón setecentos corenta e oito mil douscentos sesenta e oito euros con cincuenta céntimos (1.748.268,50 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Ordes, para a execución das obras de humanización da Rúa Nova, por un importe de cento un mil catrocentos trinta e dous euros con setenta e nove céntimos (101.432,79 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Friol, para a execución das obras de mellora da seguridade vial na avda. da Coruña e a Reigosa, por un importe de trescentos sesenta e nove mil catrocentos corenta e tres euros con vinte e nove céntimos (369.443,29 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Cotobade, para a execución das obras de pavimentado e formación de beirarrúas no entorno da igrexa de San Pedro de Tenorio, por un importe de cento vinte e tres mil setecentos noventa e tres euros con setenta e tres céntimos (123.793,73€).

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Pontedeume para a rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Pontedeume por importe total dun millón cincocentos noventa e catro mil novecentos quince euros (1.594.915,00€).

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e Ruprecht- Karls- Universität Heidelberg para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de setenta e cinco mil euros (75.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidad de Salamanca para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de cincuenta e oito mil catrocentos sesenta e dous euros e cincuenta e seis céntimos (58.462,56€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Uniwersytet Warszawski para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de sesenta e tres mil novecentos setenta e seis euros e trinta e dous céntimos (63.976,32€).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Sveučilište u Zadru para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Freie Universität Berlin para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universität Leipzig para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de oitenta e cinco mil douscentos vinte e cinco euros (85.225,00€).

#### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de mantemento integral dos equipamentos de alta tecnoloxía e da evolución dos equipamentos de alta tecnoloxía da marca General Electric instalados nos centros dependentes da Consellería de Sanidade, Servizo Galego de Saúde e Galaria, Epss,-S.A., por importe de nove millóns douscentos oitenta e dous mil trescentos corenta e nove euros con corenta e dous céntimos (9.282.349,42 €), e un valor estimado de trece millóns cincocentos corenta e tres mil seiscentos vinte e seis euros con vinte e nove céntimos (13.543.626,29 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de mantemento integral dos equipamentos de alta tecnoloxía dos equipamentos PHILIPS con destino aos centros sanitarios dependentes do Servizo Galego de Saúde e Galaria, Epss,-S, por un importe total de cinco millóns douscentos setenta e nove mil trescentos un euros con corenta e un céntimos (5.279.301,41€) e un valor estimado de sete millóns catrocenos cincuenta e seis mil cento vinte e un euros con seis céntimos (7.456.121,06 €).

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de mantemento integral dos equipamentos de alta tecnoloxía e da evolución da resonancia magnética 1,5T Magnetom Symphony a Sistema TIM situados no Hospital de Conxo, da marca SIEMENS, instalados nos centros dependentes da Consellería de Sanidade, Servizo Galego de Saúde e Galaria, Epss, -S.A., por un importe de cinco millóns setecentos nove mil oitocentos vinte euros con sesenta céntimos (5.709.820,60 €) e un valor estimado de oito millóns dous mil cento oitenta e tres euros con vinte céntimos (8.002.183,20 €).

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo ao contrato de servizos, documentalmente simplificado, suxeito a regulación harmonizada (SARA), consistente na xestión do programa Mentor de inserción sociolaboral de mozos e mozas en risco social, por un importe total do orzamento de sete millóns cento cincuenta e sete mil cento once euros con cincuenta e dous céntimos (7.157.111,52€) e un valor estimado de doce millóns cento noventa e nove mil seiscentos vinte e un euros con cincuenta céntimos (12.199.621,50€).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro.

### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Informe sobre a segunda fase do Plan de Sendas de Galicia. Itinerarios programados a desenvolver nas comarcas de Lugo, O Morrazo, Ourense e Pontevedra.
- Informe sobre a implantación da gratuidade do transporte público para a mocidade, mediante a creación da tarifa "xente nova" no eido do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia.

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Informe sobre o financiamento das actuacións dos equipos de inclusión sociolaboral do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar 2016 (financiamento dun 80% a cargo do fondo social europeo 2014/2020).

---

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre a cesión aos concellos dos predios do Banco de Terras ao abeiro da Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta das axudas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020.
- Informe sobre os danos nos viñedos da Ribeira Sacra pola treboada de sarabia rexistrada o pasado 15 de agosto e as medidas para facerlles fronte.
- Informe sobre aprobación das axudas para investimentos en empresas de primeira transformación de produtos forestais 2016

---

**O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA ESTRADA PO-353 NO CONCELLO DO ROSAL, ENTRE PANCENTEIO E MARZÁN**

- *O Goberno galego financiará estes traballos mediante a achega dun orzamento próximo aos 900.000 €*
- *O Decreto autorizado hoxe comprende as expropiacións das 139 fincas necesarias para a execución destes traballos de mellora*
- *O proxecto consistirá na ampliación da plataforma ata acadar uns 7.5 metros, máis axeitada ao tráfico da estrada*
- *Levaranse a cabo a mellora do firme, a incorporación de beirarrúas e sendas peonís e o acondicionamento da drenaxe e sinalización existente*

O Consello da Xunta aproba o Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción do ensanche e mellora da estrada PO-353, no concello do Rosal, entre Pancenteio e Marzán.

O Decreto comprende as expropiacións das 139 fincas necesarias para a execución destes traballos de mellora debido á necesidade de aumentar as dimensións da sección existente.

O Goberno galego financiará estas actuacións de mellora mediante a achega dun orzamento que se aproximará aos 900.000 euros, sen ter en conta o custe dos terreos e bens a expropiar, que se concretará en canto se realice o realicen as actas previas á ocupación, previstas neste ano

A actuación mellorará a estrada PO-353, no Concello do Rosal, mediante a ampliación da plataforma existente ata os 7.5 metros de ancho, axustándose en planta e alzado á estrada actual.

Ademais, incorporárase unha senda peonil no tramo da travesía entre os pk 3+660 e 5+360 e renovarase e ampliarase a beirarrúa existente na travesía entre os pk 3+150 e 3+660 ao seu paso por Pancenteio.

Por último, realizaranse os traballos de recollida de pluviais, reforzo de firme, sinalización e balizamento.



---

## **A XUNTA APROBA O MANUAL DE INSTRUCCIÓN PARA OS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS DOS COMICIOS DO VINDEIRO 25 DE SETEMBRO**

- ***O documento inclúe instrucións detalladas sobre cada unha das fases das eleccións, para que poidan realizar con eficacia o seu cometido***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o *Manual para os membros das mesas electorais nas eleccións ao Parlamento de Galicia do 25 de setembro de 2016*.

Este manual vai dirixido ás persoas designadas por sorteo para formar parte dunha mesa electoral nos vindeiros comicios, co fin de que se familiaricen co seu labor como membro dunha mesa e poidan desempeñar con eficacia cometido que lle foi asignado.

O primeiro apartado do manual trata sobre as mesas electorais e os seus membros, e nel explícase cómo e por qué se designan cidadáns como membros das mesas, a composición e funcións destas, e os dereitos e obrigas dos seus membros: presidentes e vogais.

Así mesmo inclúese unha descrición detallada das distintas fases da xornada electoral, desde as 8.00 horas ata o remate do escrutinio, con instrucións precisas e concretas do labor que deben desenvolver os membros da mesa.

A primeira fase é a constitución da mesa electoral e comprende desde as 8.00 horas, que se celebra a reunión no local electoral, ata a extensión da acta de constitución da mesa electoral ás 8.30 horas.

A segunda fase é a de votación, desde a apertura do colexio electoral ás 9.00 horas ata a finalización da votación ás 20.00 horas.

Finalmente, descríbese a fase de escrutinio, na que se realiza o recuento de votos, a extensión das actas de escrutinio e de sesión, e a preparación da documentación electoral que será entregada en Correos e no xulgado de primeira instancia ou de paz.

Para axudar a que os presidentes e vogais das mesas electorais se familiaricen coa documentación, o manual que se lles vai entregar inclúe modelos dos documentos que se utilizarán o día das eleccións.



## **A XUNTA AMPLÍA ATA OS 1,7 MILLÓNS DE EUROS O ORZAMENTO DO CONVENIO PARA DOTAR OS PUNTOS LIMPOS DE EQUIPAMENTO PARA O PROCESAMENTO DE RESIDUOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS**

- ***O Consello da Xunta aprobou esta mañá unha addenda ao convenio asinado coa Federación Galega de Municipios e Provincias, coa que tamén se amplía o prazo de presentación de solicitudes***
- ***Esta nova colaboración permitirá á totalidade de puntos limpos construídos en colaboración coa Xunta acollerse a esta liña de actuación que pretende a recollida, identificación e clasificación deste tipo de residuos***
- ***Este plan, cofinanciado pola Unión Europea, permitirá ás entidades municipais ou supramunicipais obter medios para pesar, almacenar e identificar este tipo de residuos***

A Xunta de Galicia amplía ata os 1,7 millóns de euros o importe do convenio asinado coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para dotar os puntos limpos de equipamento para o almacenamento, identificación e clasificación de residuos eléctricos e electrónicos.

O Consello da Xunta, na súa reunión desta maña, deu o visto e praxe a unha addenda ao convenio de colaboración entre Xunta e Fegamp, polo que ademais se amplía o prazo para a presentación de solicitudes. Deste xeito, poderanse acoller a totalidade de puntos limpos construídos en colaboración coa Administración galega. Tal e como se recolle no convenio inicial, só se podían acoller a esta iniciativa aquelas instalacións construídas ao abeiro do Decreto 4/2005, do 13 de xaneiro. Así, os puntos limpos construídos antes da dita data tamén poderán acceder a este tipo de axudas para o procesamento dos residuos.

Outro dos cambios que a addenda aprobada hoxe introduce no texto do convenio é unha ampliación da dotación orzamentaria ata os 1.748.268 euros, para poder facer fronte ao incremento de puntos limpos onde se vai actuar e mellorar as características técnicas das marquesiñas para o almacenamento de RAEE inicialmente proxectadas, adaptándoas as condicións climatolóxicas de Galicia.

Cómpre lembrar que o Real decreto 110/2015, do 20 de febreiro, de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, establece novas obrigas aos puntos limpos en materia de recollida e clasificacións dos RAEE.

Esta actuación forma parte da estratexia global do Goberno galego en materia de residuos, que persegue a implantación dun novo modelo máis sustentable e acorde coa xerarquía de residuos marcada pola normativa, facendo especial fincapé na prevención e a valorización dos residuos.

Con base nesta colaboración, facilitaráselles ás entidades municipais ou supramunicipais medios para pesar este tipo de residuos, marquesiñas para o seu almacenamento, barreiras de estanquidade, así como carteis distintivos correspondentes ás distintas fraccións de RAEE ou outros elementos que realicen a mesma función.

O Plan de xestión de residuos urbanos outorga unha especial relevancia á recollida selectiva como medio para posibilitar a reutilización e a reciclaxe de residuos. No caso dos RAEE, a súa recollida selectiva e almacenamento nos puntos limpos en condicións de seguridade ambiental resulta particularmente necesaria atendendo á composición complexa, fragilidade e frecuente presenza de elementos ou compostos perigosos neste residuos.

Na actualidade, a rede de puntos limpos de Galicia está formada por 147 instalacións fixas, das cales 130 foron construídas pola Xunta e 17 son de iniciativa local ou privada e todas estas instalacións están xa á disposición da cidadanía. O investimento da Xunta de Galicia na construción destas instalacións superou os 6,5 millóns de euros nos últimos 7 anos.

Ademais, tamén contan con puntos limpos móbiles, de impulso local nas cidades da Coruña, Santiago de Compostela e Ourense, e os postos en marcha pola Deputación de Ourense para achegar este servizo aos concellos máis rurais e tamén a eventos destacados.

Con estas infraestruturas e as vantaxes da xestión compartida (39 puntos limpos ofrecen servizo mancomunado), o servizo de punto limpo esténdese a 233 concellos de Galicia e cobre un 88% da poboación da Comunidade.

---

## MEDIO AMBIENTE DESTINARÁ PRETO DE 600.000 EUROS Á HUMANIZACIÓN DE VARIAS RÚAS NOS CONCELLOS DE FRIOL, ORDES E COTOBADE

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe uns convenios de colaboración, que se inscriben no Plan Hurbe***

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, investirá preto de 600.000 euros na humanización de varias rúas e espazos urbanos pertencentes aos concellos de Friol, Ordes e Cotobade. Todos estes proxectos se inscriben no *Plan Hurbe*, impulsado polo Goberno galego.

No caso da actuación que se levará a cabo no Concello de Friol, a que conta co maior orzamento, preténdese mellorar a seguridade viaria na avenida da Coruña e A Reigosa, para o que será necesario a construción de beirarrúas, execución dunha rotonda na zona de acceso ao campo de fútbol e a instalacións de luminarias públicas en todo o ámbito da actuación. O convenio autorizado recolle un importe de case 370.000 euros para a execución dos traballos.

No municipio de Ordes executarase a humanización da Rúa Nova, tamén coa construción de beirarrúas, a canalización de pluviais e a mellora da capa de rodadura na totalidade da rúa. O importe desta actuación ascende a máis de 100.000 euros.

Por último, a Consellería de Medio Ambiente levará a cabo no concello de Cotobade unha actuación de pavimentación e formación de beirarrúas na contorna da igrexa de San Pedro Tenorio, para o que se prevé un orzamento de máis de 120.000 euros. Esta actuación permitirá poñer en valor esta zona do concello.

### **Plan Hurbe**

Estas tres actuacións inscríbese no *Plan Hurbe*, posto en marcha en 2010 polo Goberno galego e que ten un tripló obxectivo: fomentar a humanización das vilas; favorecer a cooperación da administración autonómica e os concellos; e promover o reequilibrio territorial en Galicia. Para conseguilo, o *Plan Hurbe* inclúe tres programas de actuación: humanización das rúas, urbanización e mellora de espazos públicos; e equipamentos públicos, referidos especialmente aos de carácter cultural e social.

Ao abeiro do *Plan Hurbe*, téñense executado 105 actuacións, cun investimento total de 112 millóns de euros. Para este ano, o investimento para toda Galicia ascende a uns 11 millóns de euros: 6 millóns previstos nos orzamentos máis unha ampliación de 5 millóns grazas ao orzamento recibido polo cumprimento da Comunidade Autónoma co déficit.

---

## **A XUNTA IMPULSA CON MÁIS DE 530.000 EUROS A MODERNIZACIÓN DO MERCADO DE PONTEDEUME**

- *O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración que suma un investimento total de preto de 1,6 millóns de euros*
- *Con este acordo, no que ademais da Consellería de Economía, Emprego e Industria participan o Concello de Pontedeume e a Deputación da Coruña, dásele cumprimento ao comprometido no protocolo asinado entre as tres institucións*
- *Reaxústanse os prazos para a execución das obras, que se desenvolverán entre este ano e o que vén*
- *As melloras nesta infraestrutura van contribuír á dinamización do sector comercial da vila, ao tempo que se potencia o papel da praza de abastos como parte do atractivo turístico da localidade*

A Xunta vai impulsar con máis de 530.000 euros a modernización do mercado de Pontedeume, ao abeiro dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, o Concello de Pontedeume e a Deputación da Coruña que suma un investimento total de preto de 1,6 millóns de euros. Con este acordo que aprobou o Consello da Xunta dásele cumprimento ao comprometido no protocolo asinado entre as tres institucións, ao tempo que se reaxustan os prazos para a execución das obras, que se desenvolverán este ano e o que vén.

A modernización desta infraestrutura vai contribuír á dinamización económica da vila coruñesa, ao tempo que se potencia o papel da praza de abastos como parte do atractivo turístico da localidade. Así, o proxecto de rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Pontedeume busca poñer en valor a edificación como patrimonio arquitectónico, revitalizar o comercio e reordenar o espazo inmediato.

Prevese unha reforma completa da edificación histórica xunto coa previsión dunha ampliación da superficie de mercado baixo a rasante da praza da rúa de San Miguel para gañar espazo comercial. Ademais, prevese pasar de 9 a polo menos 16 postos. Existirán tamén espazos para servizos complementarios como cafetaría, panadaría ou espazos multifuncionais.

O impulso aos mercados e prazas de abastos é un dos eixes da actuación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, que puxo en marcha o Plan de mercados excelentes de Galicia 2016-2020.

A través deste plan destínanse un total de 20 millóns de euros ata 2020 a promover a calidade e a competitividade das prazas de abastos galegas, a través dun total de 20 actuacións específicas que permiten potenciar estas infraestruturas comerciais como

espazos de emprendemento e de dinamización económica, adaptados aos novos hábitos dos consumidores e vinculados ao territorio.

---

## **CULTURA E EDUCACIÓN DESTINA MÁIS DE 306.000 EUROS A RENOVAR A SÚA COLABORACIÓN CON SEIS UNIVERSIDADES PARA O ENSINO DA LINGUA E CULTURA DE NOSO FÓRA DE GALICIA**

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de acordos con institucións académicas de España, Alemaña, Croacia e Polonia***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinará un total de 306.663,88 euros a renovar a súa colaboración coa Universidade de Salamanca, coa Uniwersytet Warszawski (Polonia), coa Sveucilište u Zadru (Croacia) e coas alemás Ruprecht- Karls- Universität Heibelberg, Freie Universität Berlin e Universität Leipzig. O obxectivo dos convenios que se asinarán ao abeiro da autorización do Consello da Xunta é darlle continuidade ao ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas alén do noso territorio.

Os acordos cubrirán, ademais das actividades de ensino e promoción da lingua propia, a adquisición do material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e infraestrutural necesario para realizar as accións recollidas no convenio.

Así mesmo, ao abeiro dos convenios contratarase unha persoa lectora de lingua, literatura e cultura galegas, que realizará o seu labor baixo a dirección do responsable do centro de estudos galegos. A persoa lectora será quen se encargue de organizar e dinamizar un programa de iniciativas de aprendizaxe e difusión da lingua e cultura de noso, estendéndoo a toda a área de influencia do centro de estudos, máis aló do ámbito académico.

### **Centros para a proxección exterior da lingua**

A creación dos centros de estudos galegos enmárcase na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece o desenvolvemento das accións necesarias para a difusión da lingua propia de Galicia fóra do seu ámbito territorial. Por outra banda, estes centros responden aos obxectivos do Plan xeral de normalización da lingua galega fixados no ámbito da proxección exterior, pois, a través deles, a Consellería de Cultura e Educación desenvolve accións para dar a coñecer a lingua propia de Galicia e promove a investigación arredor do galego en 35 universidades europeas e americanas.

Os centros de estudos galegos nacen a través de convenios de colaboración subscritos con universidades interesadas en incluír nos seus plans de estudo a lingua, a literatura e a cultura galegas. Trátase de órganos de referencia destas institucións educativas a través dos cales se canalizan as actividades promotoras da nosa lingua, non só neste ámbito académico, senón tamén na súa área de influencia.

---

A maioría destes centros –en concreto, 27 dos 35 existentes- refórzanse coa presenza de profesorado lector que, como complemento á súa actividade formativa, desenvolve labores de docencia, de investigación e de promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas.

## **O SERGAS CONTRATA O SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL PARA OS EQUIPOS DE ALTA TECNOLOXÍA POR MÁIS DE 20 MILLÓNS DE EUROS**

- ***Búscase prolongar a vida útil deste equipamento nas mellores condicións de uso para as prestacións asistenciais para as que foron deseñados, mantendo os parámetros de seguridade para pacientes e profesionais***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a contratación do servizo de mantemento integral e o suministro da evolución e actualización dos equipos de alta tecnoloxía do Servizo Galego de Saúde e Galaria. Trátase de tres contratos centralizados que proporcionan para todos os seus centros asistenciais un servizo de mantemento integral de equipos de alta tecnoloxía co obxectivo de unificar e garantir a seguridade e a profesionalización neste ámbito. Este servizo é o conxunto de actividades, procesos, metodoloxía e recursos que se aplican para conservar o equipamento tecnolóxico e os seus compoñentes en condicións óptimas.

O obxectivo é conseguir a dispoñibilidade dos equipos o maior tempo posible e da forma máis eficaz e económica a longo prazo. Ademais, búscase prolongar a súa vida útil nas mellores condicións de uso para as prestacións asistenciais para as que foron deseñados, mantendo os parámetros de seguridade tanto para os pacientes como para os profesionais, respectando os requirimentos do fabricante e as normas vixentes correspondentes. O contrato tamén inclúe a incorporación dun sistema de redución de dose, que permitan a redución da dose de radiación na exploración ao paciente, aumentando ao mesmo tempo a vida útil dos equipos.

O total do orzamento destinado á contratación do servizo é de 20.271.471,43 millóns de euros. Correspónden a tres contratos, cunha duración de catro anos, que son o servizo de mantemento integral dos equipos de alta tecnoloxía e evolución de varios equipos de alta tecnoloxía con destino aos centros sanitarios dependentes do Servizo Galego de Saúde e Galaria da marca General Electric por importe de 9.282.349,42 euros; a contratación do servizo de mantemento integral dos equipos de alta tecnoloxía dos equipos PHILIPS por un importe total de 5.279.301,41€euros; e a contratación do servizo de mantemento integral dos equipos de alta tecnoloxía e da evolución da resonancia magnética 1,5T Magnetom Symphony a Sistema TIM ubicada no Hospital de Conxo, da marca SIEMENS, por valor de 5.709.820,60 de euros.

### **Alta tecnoloxía**

O mantemento do equipamento tecnolóxico e dos seus compoñentes asociados é esencial para garantir a seguridade dos pacientes e dos profesionais que o empregan e para acadar unha xestión óptima dos propios equipos, co obxecto de optimizar a súa vida útil.



Entre os equipos considerados de alta tecnoloxía inclúense os de tomografía axial computarizada (TAC); os de tomografía por emisión de positrons (PET); os de radioloxía e mamografía dixital; as salas de radioloxía vascular intervencionista e neurorradioloxía; as salas de cardioloxía intervencionista e electrofisioloxía; e os equipos de resonancia magnética.

O servizo a contratar abarca a asistencia técnica, as pezas, os repostos, os elementos auxiliares, a man de obra, os desprazamentos, as axudas de custo, o transporte e demais gastos que podan derivarse do seu cumprimento, así como a realización das actualizacións preventivas recomendadas polo fabricante.

Ademais, a cobertura do servizo de mantemento a contratar inclúe -por primeira vez nun contrato deste tipo- a monitorización, o diagnóstico preventivo e a posibilidade de realizar actuacións mediante a conexión remota co equipamento. Preténdese deste xeito a anticipación ás posibles paradas non programadas dos equipos e, polo tanto, un acurtamento do tempo de reparación, o que permite acadar unha maior dispoñibilidade do equipamento de alta tecnoloxía.

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONTRATO DE SERVIZOS DO PROGRAMA MENTOR PARA A INSERCIÓN SOCIOLABORAL DE MOZOS E MOZAS EN RISCO SOCIAL CUN IMPORTE DE MÁIS DE 9 MILLÓNS DE EUROS

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a tramitación do contrato de servizos denominado 'Xestión do programa Mentor de inserción sociolaboral de mozos e mozas en risco social' que contará cun orzamento superior aos 9 millóns de euros para os próximos catro anos máis dúas prórrogas e que será financiado pola Consellería de Política Social e o Fondo Social Europeo.*
- *Este programa ten como obxectivo a inserción sociolaboral de mozos e mozas de entre 16 e 21 anos -e excepcionalmente ata os 25 anos- tutelados, ex-tutelados, en garda, con medidas xudiciais ou usuarios doutros programas dependentes da Consellería*
- *O número aproximado de usuarios do programa é de 500 ao ano*
- *O Programa Mentor inclúe a xestión de 6 vivendas tuteladas e 2 vivendas de transición á vida autónoma, dirixidas a facilitar esta transición e a independencia dos mozos e mozas incluídos nel*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a tramitación do contrato de servizos denominado 'Xestión do programa Mentor de inserción sociolaboral de mozos e mozas en risco social'. Este programa diríxese aos mozos e mozas entre 16 e 21 anos -e excepcionalmente ata os 25 anos-, que estean ou estivesen baixo tutela ou garda da Administración pública, suxeitos a medidas xudiciais ou que sexan usuarios doutros programas. Consideraranse preferentes á hora de incorporarse ao programa aqueles mozos e mozas que precisen desenvolver a súa vida de xeito independente da súa propia familia, pola ausencia desta ou por resultar desaconsellable a súa reintegración familiar.

O contrato contará cun orzamento anual de 1.626.616,20 euros, polo que representa un aumento de preto do 3% con respecto ao importe asignado en 2015 (1.585.839,96 euros). Este incremento orzamentario débese á incorporación neste ano 2016 dunha actuación orientada á participación de persoas voluntarias, alleas á contorna educativa e ao ámbito de servizos sociais destes mozos e mozas, que reúnan condicións apropiadas para ser os seus referentes. Estas persoas acompañarán os mozos e mozas no seu proceso de emancipación e entrada na vida adulta e independente axudándoos a ampliar a súa rede social e a camiñar no seu futuro con máis seguridade. O acordo asinarase polos próximos catro anos con posibilidade de dúas prórrogas, polo que o orzamento total para os vindeiros seis anos superará os 9 millóns de euros cofinanciados entre a Consellería de Política Social e o Fondo Social Europeo.

O contrato aprobado hoxe polo Consello da Xunta creará as estruturas adecuadas para o acompañamento, formación, emprego e seguimento dos mozos e mozas, así como os

recursos humanos e materiais necesarios para o seu mantemento; preparará os mozos para a vida independente por medio dos recursos de apoio á inserción e plans de vida independentes supervisados desde o programa; proverá os mozos e mozas das estratexias suficientes para acceder e manterse no mercado de traballo; e establecerá redes de apoio á inserción sociolaboral por medio da colaboración con entidades públicas ou privadas que desenvolvan accións no marco laboral, formativo ou de atención aos mozos e mozas.

O número aproximado de usuarios do programa é de 500 ao ano e estímase un número de 200 de xeito simultáneo. Así as cousas, no último ano 2015, o programa atendeu 478 beneficiarios, dos cales un total de 72 son usuarios en recursos residenciais. O programa contará, como mínimo, cunha unidade de xestión, coordinación e supervisión en que se desenvolven todas as tarefas de coordinación e xestión administrativa de todos os recursos adscritos ao programa, así como oito equipamentos de apoio á inserción sociolaboral de dous tipos, seis vivendas tuteladas e dúas vivendas de transición á vida autónoma, unha delas achegada pola Administración.

#### **A infancia, prioridade da Xunta**

A protección á infancia é un dos obxectivos fundamentais, prioritarios e básicos de cara á conservación e mellora da nosa sociedade. A necesidade dunha intervención específica para a preparación daqueles mozos e mozas que teñan algunha circunstancia familiar adversa de incidencia negativa de cara á súa vida adulta é evidente. A intervención a través deste programa resulta fundamental para garantir a súa integración social e laboral e a calidade das relacións da xuventude co contorno.

O programa Mentor enmárcase no sistema de protección de menores entre os que se atopan o acollemento residencial de menores tutelados ou en garda, ou programas de adopcións aos cales complementa. Na actualidade a Xunta conta con 2.326 menores tutelados (1.883) ou en garda (443) dos cales 1.051 se atopan nunha situación de acollemento familiar e 469 en acollemento residencial.

---

## **A XUNTA INVISTE 8,1 MILLÓNS DE EUROS PARA APOIAR A CONTRATACIÓN DE 500 TRABALLADORES EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO**

- *O obxectivo desta iniciativa, cuxa convocatoria sae hoxe publicada no DOG, é proporcionar ás persoas sen emprego unha experiencia e práctica profesional para facilitar a súa inserción no mercado de traballo*
- *O labor que realizan céntrase principalmente en servizos de carácter social relacionados coa discapacidade e a atención a maiores, nenos ou persoas en risco de exclusión social*
- *Segundo o grupo de cotización, a axuda mensual máxima por cada persoa contratada pode oscilar entre os 1.488 e 2.175 euros*
- *A contía deste programa de axudas aumenta en 200.000 euros con respecto ao ano pasado*
- *Esta actuación enmárcase na Axenda 20 para o Emprego coa que o Goberno galego está a impulsar a estabilidade e calidade laboral na Comunidade*

A Xunta investirá 8,1 millóns de euros para apoiar a contratación de 500 traballadores e traballadoras en entidades sen ánimo de lucro, o que supón 200.000 euros máis que o ano pasado. O Consello da Xunta informou hoxe sobre este programa de axudas cuxa convocatoria sae publicada hoxe no Diario Oficial de Galicia (DOG) e que ten como obxectivo principal ofrecer ás persoas sen emprego unha experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción no mercado de traballo.

En concreto, a Consellería de Economía, Emprego e Industria financia, a través desta actuación, a contratación de persoas sen emprego e mulleres vítimas de violencia de xénero para a realización de servizos de carácter social relacionados co ámbito da discapacidade e a atención ás persoas maiores, nenos ou persoas en risco de exclusión social. Así mesmo, as persoas contratadas poden realizar labores de carácter empresarial, culturais, deportivos, de tempo libre e vinculados á mocidade en xeral.

Os apoios van dirixidos ás entidades sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, preferentemente no eido da discapacidade e/ou risco de exclusión social.

A contía máxima da axuda que percibirán as entidades beneficiarias varía segundo o grupo de cotización e pode oscilar ao mes entre os 1.488 e 2.175 euros por cada persoa contratada. Os traballadores e traballadoras deberán estar desempregados e estar inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Este programa de axudas enmárcase na Axenda 20 para o Emprego, coa que o Goberno galego está impulsando o traballo estable e de calidade. Un dos retos

principais desta planificación da Xunta é apoiar as persoas con máis dificultades para atopar un posto laboral.

Esta actuación complementa, ademais, outras iniciativas que ten en marcha a Consellería de Economía, Emprego e Industria para colaborar coas entidades sen ánimo de lucro, entre as cales destacan o programa de contratación de axentes de emprego, profesionais que axudan as persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social a atopar un posto de traballo. Esta convocatoria de axudas, ás cales se destina 1 millón de euros, saíu esta semana publicada no DOG. Tamén vinculado ás entidades sen ánimo de lucro, a Xunta apoiou con 3 millóns de euros este ano a contratación de menores de 30 anos. Desta actuación beneficiáronse 129 entidades e preto de 250 mozos e mozas.

## **O CONSELLO DA XUNTA PON EN MARCHA A SEGUNDA FASE DO PLAN DE SENDAS CON CASE 50 QUILÓMETROS DE VIAIS SEGUROS E SOSTIBLES EN 4 NOVAS COMARCAS**

- *Esta etapa suporá a execución de 43 novos itinerarios peonís e ciclistas nas comarcas de Lugo, Ourense, O Morrazo e Pontevedra mediante un investimento de 10,5 millóns de euros*
- *A Consellería de Infraestruturas e Vivenda prevé que este programa teña en redacción os proxectos construtivos correspondentes a estas actuacións antes do final de 2016*
- *O Plan de Sendas de Galicia ten xa en execución a primeira fase, que conleva a construción de 55 sendas, que supoñen 75 quilómetros cun investimento de 29 millóns de euros*
- *Ambas as fases do plan elaboráronse de acordo coas prioridades trasladadas polos concellos e co obxectivo de facilitar os desprazamentos dos cidadáns aos servizos e equipamentos de uso cotián*


A Xunta pon en marcha a segunda fase do Plan de Sendas de Galicia que suporá o investimento de 10 millóns de euros na execución de case 50 novos quilómetros de sendas, uns itinerarios seguros, funcionais e integrados na contorna.

Esta etapa comprende as comarcas de Lugo, Ourense, O Morrazo e Pontevedra, e nelas executaranse 43 sendas que suporán case 50 novos quilómetros de itinerarios peonís e ciclistas que suporán un investimento de 10 millóns de euros.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a través da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), ten previsto que os proxectos construtivos deste programa estean en redacción antes do final de 2016.

O obxectivo deste programa é conxugar dúas prioridades do Executivo autonómico, como a mellora da seguridade viaria e a promoción dunha economía baixa en carbono, a través do fomento da mobilidade sustentable, tal é como se establece a Estratexia Europea 2020 e o Plan Estratéxico 2015-2020 de Galicia.

A primeira fase do Plan de Sendas está xa en plena execución, prevendo a construción de 55 sendas, que supoñen 75 quilómetros de novos itinerarios, cun investimento de 29 millóns de euros.




Coa posta en marcha desta iniciativa, que se está a levar a cabo na Rede Autonómica de Estradas, a Xunta de Galicia espera obter uns beneficios determinados como:

- Mobilidade: menor conxestión en tramos actualmente saturados, e mellorar o transporte público por servirllle de complemento.
- Calidade do aire: menores emisións de gases de efecto invernadoiro e de contaminantes, e menos ruído.
- Saúde: polo exercicio físico, e tamén pola menor contaminación ambiental e acústica.
- Economía: os usuarios aforran en enerxía. A colectividade aforra nos custos externos do transporte (accidentes, conxestión, contaminación, etc).
- Calidade urbana: menor conxestión de vehículos e novos espazos de tránsito.

Ambas as fases do plan elaboráronse de acordo coas prioridades trasladadas polos concellos e co obxectivo de facilitar os desprazamentos dos cidadáns aos servizos e equipamentos de uso cotián.





Fíxose a identificación das zonas, a escala comarcal, nas que é máis probable acadar o cumprimento dos obxectivos da Unión Europea, o resultado é a selección de 11 áreas nas que se teñen desenvolvido documentos de Estratexias en materia de mobilidade alternativa a nivel local, sete nunha primeira fase e outras catro na segunda. Así, unha análise multicriterio deu como resultado a priorización das comarcas, para o posterior estudo de cada unha delas que identificase os itinerarios con maior potencial.

### Deseño

Contan cun deseño que une identidade, seguridade, durabilidade e integración paisaxística, polo que terán: pavimento integrado na paisaxe, un bordo que serve de soporte á sinalización; un separador verde como elemento de seguridade e de integración natural; e unha gabia de seguridade que vale como elemento de recollida de augas pluviais e como superficie transitable por un vehículo en caso de emerxencia.

Existirán catro tipos de sendas, a máis completa, para os lugares con maior espazo dispoñible, no que a zona de tránsito peonil e o carril para bicicletas sexa segregado; a mixta, compartida para peóns e ciclistas; a mixta con bordo, na que a gabia de seguridade substitúese por bordo e canalización de pluviais; e unha sección mínima de senda, que garante un espazo transitable de ancho 1,8 metros, na que se manteñen como elementos de identidade o pavimento integrado e o bordo con sinalización.

A día de hoxe máis da metade dos proxectos, 26, están xa redactados, e os outros 22 ultimando o traballo para a súa definición. Dos redactados, 4 están en execución, 4 foron sometidos a información pública a efectos expropiatorios e 2 están xa aprobados. Previsión a licitación inmediata, nas vindeiras datas, de varios destes proxectos, e iran se licitando sucesivamente a medida que se vaian aprobando.





### **O Morrazo, Pontevedra, Lugo e Ourense**

Para o desenvolvemento da segunda fase realizáronse estudos de identificación e priorización de itinerarios peonís e ciclistas nestas catro comarcas: O Morrazo, Pontevedra, Lugo e Ourense.

O Morrazo é a comarca máis pequena, pero conta cunha poboación de case 84.000 habitantes, sendo unha das máis densamente poboadas de Galicia. Contará con 8 sendas, o que suporá unha lonxitude de case 10 quilómetros.

Na comarca de Ourense, cunha superficie de 623,14 km<sup>2</sup> e unha poboación de 146.193 habitantes, executaranse 13 sendas ao longo de máis de 16 Km.

No caso da comarca de Pontevedra, cunha superficie de 624,42 km<sup>2</sup> e unha poboación de 124.094 habitantes realizaranse 16 itinerarios en case 16 quilómetros, sendo nos municipios costeiros onde se identifican e priorizan a maior parte das sendas.

---

Finalmente, as seis sendas que se realizarán na comarca de Lugo, cunha superficie de 1.365,6 km<sup>2</sup> e unha poboación de 120.802 habitantes, sumarán unha lonxitude de 7.800 metros.

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA A ENTRADA EN VIGOR O VINDEIRO LUNS DA GRATUIDADE DO TRANSPORTE METROPOLITANO PARA MENORES DE 19 ANOS**

- *Os rapaces poderán realizar de forma gratuíta os desprazamentos interurbanos nas distintas áreas do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia*
- *Se os concellos das principais cidades responden á petición do Parlamento galego e estenden a aplican a mesma medida, os desprazamentos en autobús urbano tamén poderán ser gratuitos para a mocidade*
- *Os beneficiarios terán un medio de pago específico, a TMG Xente Nova, tarxeta metropolitana que será expedida gratuitamente por ABANCA*
- *Dende mañá, os interesados poden visitar a web <http://tmgxentenova.xunta.gal> para a solicitude de cita previa, evitando así colas nas oficinas e optimizando a eficiencia deste servizo*
- *As familias de máis de 200.000 mozos disfrutarán dun importante aforro adicional nos desprazamentos cotiáns que pode chegar a 1.120 euros anuais*

O Consello da Xunta deulle hoxe visto e prace á implantación da gratuidade do Transporte Metropolitano para os mozos menores de 19 anos, que entrará en vigor o vindeiro luns, 29 de agosto. O Goberno galego pon en marcha o programa Xente Nova grazas á capacidade de gasto extraordinaria da que dispón a Administración autonómica como consecuencia do cumprimento das súas obrigas de déficit.

Con esta medida, a Xunta reforza o carácter social do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, posibilitando que os rapaces que teñan 18 ou menos realicen de forma gratuíta os desprazamentos interurbanos nas distintas áreas do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia.

O obxectivo da iniciativa é facilitar o acceso da mocidade aos servizos básicos como a sanidade ou a educación, fomentando o emprego do transporte público, formando ás novas xeracións no seu uso, ao tempo que se axuda de forma substancial ás economías familiares.

O programa “Xente Nova” supón a implantación dunha nova tarifa, que entrará en vigor a través da Orde da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, que será publicada mañá no Diario Oficial de Galicia. Esta tarifa vai dirixida ás persoas con idades comprendidas entre os 4 e os 18 anos de idade, incluídos, -tendo en conta que os menores de 4 anos xa viaxan de balde nos autobuses metropolitanos-, que será de cero euros nas viaxes de carácter interurbano realizadas dentro do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, cun número máximo de sesenta (60) viaxes mensuais por usuario.

Igualmente, tamén será gratuíto o transbordo que se realice entre servizos interurbanos e urbanos, ou viceversa, cando forme parte dunha viaxe metropolitana. Ademais, na medida en que os concellos das principais cidades, que posúen transporte urbano propio, sigan a petición que lles formulou o Parlamento de Galicia o pasado 28 de xuño, a medida poderá estenderse tamén ao transporte urbano.

Deste xeito, ás vantaxes do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, que permiten aforros superiores aos 600 euros por usuario do sistema de transporte público, as familias de máis de 200.000 mozos disfrutarán dun importante aforro adicional.

Así, unha persoa titular da *TMG Xente Nova* que realice habitualmente percorridos definidos como “un salto” no sistema tarifario zonal do Plan, por exemplo entre Redondela e Vigo ou entre Narón e Ferrol, poderá aforrar 520 euros anuais adicionais, e unha que viaxe habitualmente entre Betanzos e A Coruña ou entre Baleira e Lugo, poderá aforrar 800 euros anuais, ao tratarse de percorridos que supoñen “dous saltos” no sistema zonal. Nos percorridos de “tres saltos” como entre A Estrada e Santiago, o aforro adicional pode acadar máis de 1.120 euros anuais.

Para a operativa desta tarifa establécese un medio de pagamento específico, a *TMG Xente Nova*, tarxeta metropolitana que será expedida gratuitamente por ABANCA, entidade colaboradora no Plan de Transporte Metropolitano de Galicia. O proxecto está aberto a colaboración por parte doutras entidades financeiras que así o promovan.

Ademais do requisito de idade das *TMG Xente Nova* expediranse gratuitamente nas oficinas de ABANCA habilitadas, dispoñendo as persoas interesadas dunha aplicación na web <http://tmgxentenova.xunta.gal> para a solicitude de cita previa, evitando así colas nas oficinas e optimizando a eficiencia deste servizo. Nesta mesma páxina web ofrecerase cumprida información da operativa da *Tarifa Xente Nova*.

Mediante a utilización da *TMG Xente Nova*, as persoas titulares delas aboarán con cargo á súa tarxeta os desprazamentos que realice en calquera dos servizos de transporte público integrados nas Áreas de Transporte Metropolitano de Galicia implantadas. Sen prexuízo da posibilidade de utilización da *TMG Xente Nova* para o pagamento dun maior número de viaxes, a tarifa Xente Nova dará dereito ao reintegro do 100% do importe das viaxes metropolitanas interurbanas, ata un máximo de 60 viaxes mensuais.

Para tal fin, a Xunta de Galicia procesará quincenalmente os datos das viaxes pagadas con *TMG Xente Nova* para calcular os datos dos reintegros que deben operar respecto de cada tarxeta, que se porán a disposición das persoas usuarias os días 5 e 20 de cada mes nos caixeiros de ABANCA. Así, os consumos realizados entre o 1 e o 15 de setembro estarán a disposición das persoas usuarias a partir do 5 de outubro, e os realizados entre o 16 e o 30 de setembro, o estarán a partir do 20 de outubro.

Dende a data na que este se pon á súa disposición, as persoas usuarias disporán de dous meses para aceptar este reintegro nos caixeiros, mediante unha operación sinxela e intuitiva, e poderán consultar en calquera momento o estado das súas recargas na páxina web <http://tmg.xunta.gal/consulta-tarxeta>.

Adicionalmente, como medida de promoción da utilización desta tarifa e do medio de pagamento asociado, e coa finalidade de facilitar aos seus titulares a utilización gratuíta do transporte xa dende o mesmo momento inicial, as primeiras 50.000 *TMG Xente Nova* serán entregadas cunha recarga inicial de vinte euros, que asume xa a Xunta de Galicia.

Logo da publicación mañá no DOG o venres da Orde da Xunta, xa será posible solicitar cita previa para a obtención das *TMG Xente Nova* nas oficinas habilitadas. A partir do luns 29 de agosto a tarifa será plenamente operativa para todas aquelas persoas usuarias que vaian obtendo as súas *TMG Xente Nova*.

### **A maior aposta polo transporte público en Galicia**

A aposta do Goberno Galego polo Plan de Transporte Metropolitano de Galicia facilitou que no período 2009–2015 houbera máis de 67 millóns de viaxeiros que se beneficiaron desta actuación.

Así, con esta medida, os 6,3 millóns de viaxeiros rexistrados do ano 2009 dupláronse ata acadar a cifra de 12,7 millóns de viaxeiros no ano 2015.

Esta actuación supón unha medida social de apoio ás familias, na que neste mesmo período 2009–2015 na que grazas ao investimento das administracións implicadas (Xunta nun 80% e concellos nun 20%) os cidadáns aforraron 35 millóns de euros nos seus desprazamentos cotiáns, dos que o Goberno galego achegou máis de 28 millóns de euros.

Deste xeito, a nova Tarifa Xente Nova reforza a aposta social de primeira orde do Goberno Galego no ámbito do transporte público, e súmase aos beneficios que en 2015 xa estableceu a Xunta de Galicia a favor dos membros de familias numerosas (con descontos adicionais de entre o 20 e o 50% sobre as tarifas metropolitanas), incrementando considerablemente o número de familias beneficiadas ao ser 200.000 os mozos que se verán beneficiados do programa *XENTE NOVA*.

## O CONSELLO DA XUNTA GARANTE A CONTINUIDADE DA REDE DE EQUIPOS DE INCLUSIÓN SOCIOLABORAL DE CARÁCTER COMARCAL

- ***Xunto cos equipos implantados nas áreas urbanas, esta rede asegura a cobertura territorial efectiva de todo o territorio galego por parte de profesionais para a atención integral de persoas en situación ou risco de exclusión social***
- ***O orzamento supera os dous millóns de euros e como novidade para o período operativo 2014-2020 inclúe a transferencia con carácter mensual e por doceavas partes da cantidade consignada para este fin***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a tramitación do expediente administrativo que permitirá dar continuidade aos equipos de inclusión sociolaboral de carácter comarcal. Un recurso que se implantaba no ano 2008 e que leva atendidas desde entón preto de 20.000 persoas. O orzamento para este exercicio 2016 supera os dous millóns de euros (2.025.000 €), o que representa un 23% máis que o destinado no 2015. Un importe que será cofinanciado nun 80% polo Fondo Social Europeo e nun 20% pola Xunta.

Con esta medida, a Xunta de Galicia garante o funcionamento dos equipos de profesionais que traballan no eido da integración sociolaboral das persoas en situación ou risco de exclusión social desde unha perspectiva ligada ás potencialidades do territorio e ao seu tecido social e produtivo. Concretamente, permite o mantemento e financiamento tanto do equipo encargado da coordinación técnica, dinamización e apoio da rede de equipos como dos propios técnicos encargados de prestar unha atención personalizada a través de itinerarios de inclusión sociolaboral con acompañamento, así como das actuacións de formación, mellora da empregabilidade e acompañamento social que posibiliten e reforcen eses itinerarios personalizados.

Arestora, e baixo a tutela do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, a Xunta de Galicia ten en funcionamento 19 equipos espallados por diferentes puntos da xeografía galega. Co obxecto de facer máis operativo este recurso, neste actual período operativo 2014-2020 o instrumento de financiamento simplificouse de maneira que os pagamentos se transferirán con carácter mensual e por doceavas partes.

A posta en marcha de equipos de inclusión de carácter comarcal está recollida na Estratexia para a inclusión social de Galicia 2014-2020, que fixa como unha prioridade financiar equipos de inclusión que teñan o carácter de servizos comunitarios específicos, con cobertura efectiva en todo o territorio galego e que se constitúan nun reforzo específico dos dispositivos normalizados para abordar intervencións dirixidas a reducir ou eliminar os factores de vulnerabilidade, pobreza e exclusión social que inciden na situación de determinadas persoas ou grupos de poboación. Un enfoque

baseado na inclusión social activa que está consolidado como unha das prioridades da Unión Europea e dos Estados membros.



## A XUNTA AXILIZARÁ A CESIÓN GRATUÍTA AOS CONCELLOS DOS PREDIOS DO BANCO DE TERRAS QUE NON SON APTOS PARA USO AGRARIO

- ***Mediante un procedemento, establecido ao abeiro da normativa en vigor, que facilitará este tipo de cesións de terreos que non se poden aproveitar por contaren con edificacións ou instalacións como cemiterios ou depósitos de auga***

A Xunta axilizará a cesión gratuíta aos concellos dos predios do Banco de Terras de Galicia que non son aptos para o uso agrogandeiro ou forestal, por contaren con edificacións ou instalacións que imposibilitan o seu aproveitamento, como é o caso de cemiterios ou depósitos de auga.

O Consello do Goberno galego coñeceu hoxe un informe da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) que dá conta do procedemento, establecido ao abeiro da Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga), para facilitar este tipo de cesións. Deste xeito, faise fronte á problemática que presenta un bo número de predios que non son aptos para os fins para os cales foi creado o Banco. Ata o de agora cedéronse gratuitamente aos concellos arredor de medio cento de predios e estase tramitando a cesión duns 200 máis.

Coa Metaga avanzouse neste sentido, xa que esta lei establece que nas zonas de concentración rematadas despois da súa entrada en vigor, o Banco de Terras determinará que masas comúns cumpren os seus fins, e as restantes pasan á titularidade dos concellos. Establécese agora un sistema para a aplicación a aqueles predios que xa están integrados no Banco de Terras, polo cal bastará acreditar que non cumpren os fins do Banco.

Deste xeito, axilizarase a resolución para a cesión gratuíta dos predios solicitados polos concellos para fins de interese social e ábrese unha nova vía para a cesión de predios de interese da veciñanza que ata o de agora non podía ser cedidos.



## A XUNTA DESTINA PRETO DE 10 MILLÓNS DE EUROS ESTE ANO A PROMOVER A CREACIÓN E MELLORA DE EMPRESAS FORESTAIS

- ***Estas achegas son para industrias de aproveitamentos e primeira transformación, co fin de fomentar os investimentos en tecnoloxías forestais, procesado, mobilización e comercialización da súa produción***

A Xunta destina un total de 9.965.127,24 euros este ano a apoiar o tecido empresarial do sector forestal, co fin de promover a creación e mellora de empresas de aproveitamentos e primeira transformación destes produtos. Os fondos destínanse a axudas para investimentos en tecnoloxías forestais, procesado, mobilización e comercialización desta produción. Destas achegas beneficiaranse neste 2016 un total de 120 empresas de toda Galicia.

O Consello do Goberno galego avaliou hoxe dous informes da Consellería do Medio Rural sobre esta cuestión. Un deles dá conta das axudas aprobadas ao abeiro do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia a empresas de aproveitamentos e primeira transformación de produtos forestais que sexan pequenas ou medianas empresas (pemes). O segundo informe céntrase naquelas empresas que superan os 10.000 m<sup>3</sup> de materia prima empregada, e que por tal motivo, non poden beneficiarse das achegas do PDR para a compra de maquinaria de serrado, de acordo coa normativa comunitaria.

No primeiro caso o orzamento destinado foi de 9.676.795,46 euros e o número de empresas beneficiadas ascendeu a 114, coa seguinte distribución provincial: 48 na Coruña, 41 en Lugo, 11 en Ourense e 14 en Pontevedra.

Canto ás axudas para as empresas con máis de 10.000 m<sup>3</sup> de materia prima empregada, as beneficiadas neste 2016 foron 6 en total (5 na provincia da Coruña e 1 na de Lugo), e o orzamento destinado –neste caso de fondos propios da Comunidade Autónoma– foi de 288.331,78 euros.

En ambos casos, os principais obxectivos destas achegas son fomentar a competitividade do sector forestal, garantir a xestión sostible dos recursos naturais e a acción polo clima e lograr un desenvolvemento territorial equilibrado das economías e comunidades rurais, incluíndo a creación e conservación do emprego.

Os investimentos que se subvencionan con estas axudas teñen que ver con activos fixos produtivos e plans de mellora de xestión empresarial. Así, finánciense actuacións coma o acondicionamento de almacéns de madeira, ampliación de naves de serrado, dotación de diversa maquinaria forestal, software específico forestal ou sistemas de mellora de xestión, seguridade e control loxístico, entre outras.

---

## **A XUNTA HABILITARÁ UNHA PARTIDA DE PRETO DE 600.000 EUROS PARA REPOÑER OS DANOS CAUSADOS POLA SARABIA NOS VIÑEDOS DA RIBEIRA SACRA E COMPENSAR AOS AFECTADOS**

- *O Goberno galego avaliou esta achega para compensar os danos sufridos nas vides e a perda da produción de uva*
- *Así mesmo, a Consellería do Medio Rural destinará fondos para arranxar os camiños, muros e outras infraestruturas relacionadas co cultivo da vide que se viron afectadas*

A Xunta habilitará unha nova partida orzamentaria de preto de 600.000 euros para repoñer os danos causados pola sarabia o pasado 15 de agosto nos viñedos da Ribeira Sacra e compensar aos afectados polas perdas de produción.

A treboada de pedrazo afectou aos viñedos da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, maioritariamente no concello lugués de Sober e unha pequena parte do de Monforte de Lemos. A área que sufriu o pedrisco pertence á subzona de Amandi, tradicionalmente unha das máis coñecidas da Ribeira Sacra.

Trala avaliación dos técnicos da Consellería do Medio Rural, constatouse que o sinistro foi moi virulento e que supuxo a perda de practicamente toda a colleita de uva nesa zona. Os primeiros cálculos indican que a área máis damnificada abarca arredor de 70 hectáreas, que foron practicamente arrasadas pola sarabia caída. Isto afectaría a uns 400.000 quilos de uva, segundo as primeiras estimacións, cunhas perdas directas avaliadas duns 500.000 euros.

Dada a situación de emerxencia, o Goberno galego habilitará unha orde específica para compensar a perda da produción cunha liña de axudas de medio millón de euros, da que se poderán beneficiar aqueles viticultores que non tiveran subscrito ningunha póliza de seguros, sendo a achega máxima por viticultor de 15.000 euros.

Ademais, o departamento que dirixe Ángeles Vázquez tamén destinará preto de 100.000 euros para arranxar os camiños, muros e outras infraestruturas relacionadas co cultivo da vide que se viron afectadas por este fenómeno atmosférico adverso. Neste caso, as actuacións consistirán no arranxo e limpeza de cunetas, aportes de saburra en varias pistas, formigonado de tramos de vías que o requiran e construción de dous muros de contención de granito.